

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027782	IES Ordes	Ordes	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	4º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	13
4.1. Concrecións metodolóxicas	29
4.2. Materiais e recursos didácticos	35
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	37
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	38
6. Medidas de atención á diversidade	41
7.1. Concreción dos elementos transversais	43
7.2. Actividades complementarias	45
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	48
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	50
9. Outros apartados	51

## 1. Introducción

A materia de Lingua Galega en 4º ESO ten tres obxectivos básicos: por unha banda, consolidar falantes de galego; por outra, mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e favorecer un uso ético da linguaxe; finalmente, preténdese educar cidadáns conscientes de seren seres históricos, depositarios dun legado cultural, literario e lingüístico que cómpre coñecer para comprenderse a si mesmos e a sociedade na que viven. Neste sentido, non esquecemos que 4º ESO é o final da súa formación obrigatoria.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques:

1) O bloque "As linguas e os seus falantes" recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística e no respecto e aprecio pola propia lingua, fuxindo dos prexuízos. Estes contidos atravesan ademais de maneira transversal varias das unidades desta programación, pois o fenómeno de contacto de linguas en Galicia está intimamente relacionado co noso devir histórico: así, aproveitaremos o estudo da historia da lingua e da literatura galega no século XX e XXI para establecer conexións coa realidade lingüística actual de Galicia, para que o alumnado tome conciencia do lugar que ocupa o noso idioma no contexto peninsular e na nosa propia terra. Ademais, inclúese neste bloque o achegamento a outras linguas da península e a aprendizaxe de nocións básicas do vasco. Dados os vínculos históricos e estruturais tan evidentes entre o galego e o portugués, fomentaremos o coñecemento e o achegamento ao portugués e á lusofonía.

2) O bloque «Comunicación» abarca saberes implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización informacional e mediática. Faremos especial fincapé no texto narrativo, expositivo e argumentativo, e no tocante aos xéneros, o foco estará no xornalístico. Poñeremos a énfase na estrutura dos textos, na identificación da información esencial, nas inferencias e na intención última do emisor. Combinaremos a práctica do discurso oral expositivo formal e do discurso escrito argumentativo formal.

3) O bloque «Educación literaria» procura incrementar a capacidade para interpretar textos literarios ao abeiro do seu contexto histórico e cultural e continúa a liña comezada no curso anterior co achegamento á historia da literatura galega dos séculos XX e XXI. Tamén se busca espertar o interese do alumnado pola lectura de textos clásicos e modernos. Neste sentido, realízanse traballos de creación, ponse o alumnado en contacto co sistema literario galego (con actividades complementarias como asistencia a representacións teatrais, a recitais poéticos ou encontros con autores) e cada trimestre propónse unha lectura obrigatoria; na súa selección procúrase que sexan representativas do noso corpus literario, de autores e autoras salientables e contemporáneos, e que inclúan temáticas que promovan a reflexión sociocultural e que promovan valores éticos. As lecturas trimestrais fixas serán, en distintas ordes segundo o grupo:

- Infamia, de Leticia Costas.
- Beleza vermella, de Arantza Portabales.
- O enigma de Santiago, de Xosé A. Neira Cruz.

4) O bloque «Reflexión sobre a lingua» pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática, atendendo á lingua como sistema, con especial foco no sistema fonolóxico do galego, nas relacións semánticas entre as palabras e na orde e xerarquía dos elementos no

discurso. En cada unidade insistiremos, por unha banda, na reflexión metalingüística e, por outra, no uso correcto, adecuado e estándar da lingua.

Estes bloques, distribuídos en 14 unidades didácticas, están temporalizados tendo en conta a Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia. Contéplanse 105 sesións, das cales dedicaremos ao desenvolvemento das UD arredor de 90, prevendo que cada avaliación precisaremos 5 sesións para a realización de probas (dúas sesións para as probas escritas, dúas sesións para a súa corrección e comentario e unha sesión para a proba de lectura).

Esta programación pretende ser concreta, viable e realista e está adecuada ao nos alumnado e ao seu contexto sociolingüístico. Concíbese como unha programación flexible, e por iso contéplanse a posibilidade de establecer variacións e alternativas segundo os resultados no seu desenvolvemento e segundo as oportunidades que vaian xurdindo.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	LINGUAS DA PENÍNSULA. A LUSOFONÍA	<p>Case o 50% dos habitantes de España vivimos nunha comunidade con máis dunha lingua. A pluralidade lingüística é a norma, non a excepción, no noso contexto e a nivel internacional. Nesta ud. promóvese a simpatía e o respecto cara os outros idiomas da península e transmítese algún rudimento simbólico dalgunha delas. Doutra banda, refórzase a idea da intercomprensión entre o galego e o portugués cunhas noicións básicas que explicitan as súas particularidades fonéticas, lazo que nos abre ao mundo da lusofonía, con máis de 200 millóns de falantes.</p> <p>1-Linguas de España: orixe, desenvolvemento histórico e sociolco., onde se falan e situación legal.</p> <p>2-Contraste de aspectos lingüísticos dos distintos idiomas.</p> <p>3-Identificación dalgunhas expresións básicas do éuscaro.</p> <p>4-Respecto e aprecio da realidade plurilingüe.</p> <p>5-Orixe común e separación de galego e portugués.</p> <p>6-Similitudes e diferenzas de galego e portugués, orientadas a mellorar a intercomprensión.</p> <p>7-A lusofonía: extensión e vantaxes.</p>	4	4	X		
2	FONOLOXÍA DO GALEGO	<p>A lingua é oral. Así sobreviviu ao longo dos séculos utilizada polo noso pobo. Hoxe en día, a fonética e a prosodia do castelán entran constantemente nas nosas casas a</p>	8	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	FONOLOXÍA DO GALEGO	<p>través dos medios de comunicación e redes sociais e ameazan os trazos propios da galega. Nesta ud. facemos unha reflexión metalingüística sobre a nosa fonoloxía e relacionámola coa mellora da competencia lingüística na pronuncia do galego.</p> <p>1-As unidades mínimas: diferenzas e relacións entre grafía e fonema.</p> <p>2-Competencia metalingüística: conceptos de vogal, consoante e caracterización fonolóxica dos fonemas do galego.</p> <p>3-O sistema vocálico e consonántico do galego e a súa representación AFI.</p> <p>4-Competencia lingüística, con especial foco nas vogais de grao medio e nas nasais.</p> <p>5-Traballo 'Teño un triángulo na boca', unha carta de formantes das vogais propias con Praat.</p>	8	10	X		
3	TEXTO NARRATIVO	<p>Nesta ud. trabállase a comprensión lectora literal, inferencial e crítica a través de diversas lecturas narrativas, traballando distintos aspectos internos deste xénero que impliquen extraer a información esencial, comprender a complexidade dos personaxes e dos seus conflitos, ordenar a secuencia dos feitos, entender as diferentes funcións do espazo e inferir a información non explícita.</p> <p>1-Xéneros literarios vs disposición do texto.</p> <p>2-Estrutura do texto narrativo.</p> <p>3-Argumento e tema. As inferencias.</p> <p>4-Historia e trama.</p> <p>5-Autor e narrador: análise de narradores.</p> <p>6-Personaxes: clasificación segundo o seu rol, natureza e profundidade; a relación dos personaxes coas forzas que os moven (amor, odio...).</p> <p>6-Marco da narración: espazo externo e outros valores do espazo (social, psicolóxico, simbólico...); tempo cronolóxico e tempo do discurso (anacronías e tipos de comezo).</p>	9	10	X		
4	POESÍA 1916-1936	<p>Nesta ud. amósanse os cambios políticos de ppios. do s. XX, con contrastantes gobernos dos que añoran o pasado e os que aspiran a unha nación máis moderna e liberal. En Galicia avánzase na construción da conciencia nacional galega e prodúcense transformacións económicas e sociais como a abolición do foro. A poesía das Irmandades é voceira destas inquedanzas. A das vangardas racha cos vellos moldes apelando a novos modos de crear.</p> <p>1-Contexto histórico 1900-1936: cambios políticos, económicos e sociais; claves para</p>	9	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	POESÍA 1916-1936	<p>contextualizar as obras.</p> <p>2-Evolución da lingua no uso, corpus e estatus. A importancia dos dereitos lingüísticos e 1ª conquista da cooficialidade.</p> <p>3-Iniciativas galeguistas de tipo cultural, político e literario: RAG, Irmandades, SEG, PG, xornais...</p> <p>4-Poesía das Irmandades. Cabanillas: obras agraristas e nacionalistas.</p> <p>5-Vangardas europeas e galegas: autores hilozoístas e neotrobadoristas.</p> <p>6-Manuel Antonio: obra e características.</p> <p>7-Traballo de creación poética vangardista.</p>	9	10	X		
5	PROSA 1916-1936	<p>Nesta ud. salíéntase a altura que alcanzou a cultura e a literatura galega coa Xeración Nós. Con eles prodúcese unha extensión xenérica e temática con respecto ao Rexurdimento e a nosa literatura, sen deixar de enraizar na cultura galega, ábrese a temas máis universais e urbanos.</p> <p>1-Xeración Nós: membros, características e participación nas iniciativas galeguistas políticas e culturais.</p> <p>2-Consolidación e renovación da prosa, na narrativa e no ensaio. Novos xéneros, temas e ambientación urbana.</p> <p>3-Consolidación do teatro como ferramenta de divulgación do seu ideario.</p> <p>4-Risco: evolución ideolóxica. Obras narrativas e ensaísticas: argumento, personaxes, temas centrais e estilo.</p> <p>5-Otero Pedrayo: evolución ideolóxica. Obras narrativas e ensaísticas: argumento, personaxes, temas centrais e estilo.</p> <p>6-Castelao: ideoloxía, exilio. Diferentes facetas. Obras narrativas, ensaísticas e teatrais: argumentos, personaxes, temas centrais e estilo.</p> <p>7-Relación da obra dos autores co contexto histórico.</p>	8	10		X	
6	CONTACTO DE LINGUAS	<p>Nesta ud. abordamos o contexto lingüístico galego como o resultado dun devir histórico no que a vitalidade das linguas é o produto das relacións de poder entre os pobos que as falan. Asemade, proxectamos a posibilidade dun futuro feliz para a nosa lingua e cultura se afrontamos determinados retos e relacionamos o galego con conceptos como futuro, progreso e modernidade.</p> <p>1-Contacto de linguas: lingua minoritaria vs lingua minorizada; lingua hexemónica e relacións de poder. Normalización do estatus, actitudes, usos e corpus.</p>	4	4		X	



UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	CONTACTO DE LINGUAS	<p>2-Estatus: o recoñecemento oficial. Lexislación relativa á lingua galega. Implicación social dos dereitos e deberes lingüísticos.</p> <p>3-Actitudes: o recoñecemento social. Bilingüismo e diglosia. Identificación e superación de prexuízos e estereotipos lingüísticos.</p> <p>4-Usos: retos ante a dinámica de substitución lingüística (falta de transmisión xeracional, hibridación do código, reflexión sobre a presenza do galego en ámbitos como a música, os videoxogos...).</p>	4	4		X	
7	SINTAXE SIMPLE	<p>A sintaxe serve para pensar, expresarnos con claridade e que as nosas mensaxes sexan entendidas polos demais, xa que nos axuda a estruturar e organizar o que pensamos e dicimos. Neste tema ensínanse as relacións semánticas subxacentes á estrutura sintáctica das frases e oracións simples.</p> <p>1-Morfoloxía e Sintaxe. Diferenza entre clases de palabras (p.ex. subst.), unidades sintácticas (p.ex. SN) e funcións sintácticas (p.ex.SUX).</p> <p>2-Unidades sintácticas básicas: os sintagmas SN, SAdx, SAdv e SPrep. As funcións sintácticas dentro do sintagma.</p> <p>3-Funcións oracionais básicas da oración simple predicativa: SUX, CD, CI, CRex, CC, CPvo.</p> <p>4-Funcións oracionais básicas da oración atributiva e pasiva: Atributo, CAx.</p> <p>5-Clasificación da oración simple atendendo a distintos criterios: oracións predicativas/atributivas; activas/pasivas; transitivas/intransitivas...</p>	8	10		X	
8	POESÍA 1936-1975	<p>Nesta ud. amósase como a ditadura truncou o camiño de recuperación das nosas letras e impuxo un apagón lingüístico e cultural e a censura, pero como a poesía se tornou, pola súa linguaxe metafórica, nun eido propicio de resistencia.</p> <p>1-Contexto histórico 1936-75: claves para contextualizar as obras na 1ª posguerra e a partir dos anos 50.</p> <p>2-Represión lingüística e expansión social do castelán.</p> <p>3-Iniciativas galeguistas de tipo cultural, político e literario: no exilio, Galaxia, asociacións e partidos políticos clandestinos...</p> <p>4-Poesía do exilio. Luis Seoane: obra, temas e proxectos culturais.</p> <p>5-Xeración do 36. C.E.Ferreiro: proxectos;</p>	10	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	POESÍA 1936-1975	<p>obra, temas, lingua e estilo.</p> <p>6-Xeración das Festas Minervais: trazos comúns.</p> <p>7-Novoneira e Manuel María: obra, estilo e liñas temáticas paisaxística e social.</p> <p>8-Méndez Ferrín: obra poética, liñas temáticas, lingua e estilo.</p> <p>9-Traballo de creación poética de coplas de Entroido, seguindo o modelo da nosa tradición satírica, desde as cantigas ata CEF.</p>	10	10		X	
9	VARIACIÓN E ESTÁNDAR	<p>A lingua é máis ca norma, que a miúdo traza liñas severas entre o correcto e o incorrecto. Nesta ud. analízase e valórase a variación intrínseca ás linguas. Ponse en valor tamén a cohesión que proporciona ter un estándar, que posibilita os usos escritos e formais, e homológase o do galego ao das outras linguas. Incídese tamén na necesidade da preservación da identidade da lingua e propóñense recursos para melloralala.</p> <p>1-Variedades dialectais. Fenómenos e bloques. Isoglosas. Ordes no mapa dialectal galego.</p> <p>2-Variedades sociais. Niveis de lingua, características e condicionantes. Tecnolectos. Argot e xergas.</p> <p>3-Variedades contextuais. Rexistros, características e condicionantes. Adecuación. Enriquecemento léxico.</p> <p>4-Variedade estándar: que é, quen e como se decide, cando se debe usar. Etapas da normativización. Textos principais.</p> <p>5-Desviacións da norma, co foco nas interferencias.</p> <p>6-Recursos online para mellorar a corrección ortográfica e gramatical.</p> <p>7-Traballo 'Non me manipules'.</p>	5	5			X
10	PROSA 1936-1975	<p>Nesta ud. preséntase o camiño de modernización progresiva da narrativa galega, no temático (desde os contidos máis popularizantes e ensimismados culturalmente ata os máis universais e deslocalizados) e no formal (desde as formas do conto popular ata as innovacións técnicas da NNG). Analízanse ademais as distintas respostas literarias a un ambiente de opresión, que van desde a total evasión do realismo máxico ata o maior do compromiso antifranquista.</p> <p>1-Modernización temática e formal da narrativa nos anos 50 e 60. Convivencia de varias liñas literarias.</p> <p>2-Realismo popular. Ánxel Fole: obras,</p>	10	11			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	PROSA 1936-1975	temas, argumentos, estilo, técnica narrativa, lingua. 3-Realismo máxico. Álvaro Cunqueiro: xéneros, obras, temas, argumentos, estilo, personaxes. 4-Realismo social. Blanco Amor e Neira Vilas: xéneros, obras, temas, argumentos, estilo, lingua, personaxes. 5-Nova Narrativa Galega. Méndez Ferrín, Casares, MX Queizán. Influencias, innovacións temáticas e técnicas. Principais obras.	10	11			X
11	SINTAXE COMPOSTA	Nesta ud. a través da análise da oración composta amósase a conexión entre cognición e linguaxe. Trátase de trasladar que simplificar a linguaxe e descoñecer as conexións lóxicas entre os seus elementos é equivalente a esvaece o pensamento complexo, orfo de palabras para construír un razoamento. 1-Oracións compostas coordinadas. 2-Oracións subordinadas substantivas. As conxuncións completivas. 3-Oracións subordinadas adxectivas. A función dos relativos. O antecedente. 4-Oracións subordinadas adverbiais. 5-Oracións bipolares e relacións lóxicas: adversativas, comparativas, causais, consecutivas, concesivas, condicionais. A sinonimia nas conxuncións.	5	5			X
12	LETRAS GALEGAS DE HOXE	Nesta ud. proxéctase a literatura actual como un xardín fértil e vizoso no que agroma a extensión progresiva de formas, estilos e temas literarios producida nas etapas anteriores. Relaciónase coas coordenadas históricas da sociedade actual e cos intereses da xente nova. Amósase tamén como a nosa literatura está á vangarda das tendencias literarias do momento, particularmente a poesía feita por mulleres. 1-Contexto histórico do período 1975-actualidade: claves para o aumento da produción literaria en galego. 2-Ampliación temática e formal na narrativa actual. Autores e obras paradigmáticos. Literatura infantil e xuvenil. 3-Ampliación temática e formal na poesía actual. Autores e obras paradigmáticos. Conexión coas preocupacións actuais. 4-Día das Letras Galegas. Figura de Luísa Villalta. Literatura multimodal. 5-Papel dos premios. Algúns Premios Nacionais de Literatura galegos. As señoras das Letras.	5	5			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
12	LETRAS GALEGAS DE HOXE	6-Traballo de (re)creación literaria multimodal noutro soporte por parte do alumnado.	5	5			X
13	TEXTO XORNALÍSTICO	<p>Nesta ud. abórdase o texto como unha unidade comunicativa que obedece a unha intención do emisor, producido nunha situación concreta e que provoca efectos no receptor. Como tal, úsase de maneira cotiá para transmitir ideas e o éxito radica no cumprimento de certas propiedades e é o resultado dunha serie de eleccións lingüísticas e pragmáticas. Preténdese tamén chamar a atención sobre as diferenzas entre a persuasión e a manipulación.</p> <p>1-Propiedades textuais: adecuación (factores e rexistros), coherencia (selección e presentación da info e estrutura do texto) e cohesión (procedementos léxicos e gramaticais e conectores textuais).</p> <p>2-Relacións semánticas: polisemia, sinonimia, antonimia, campo semántico, hiperonimia... Mecanismos de enriquecemento e precisión léxica.</p> <p>3-Texto xornalístico: a información na prensa escrita, radio e TV, internet. Manipulación informativa a través da linguaxe.</p> <p>4-Texto xornalístico: a opinión. Creación dun texto argumentativo, por ex. unha carta ao director.</p>	5	5			X
14	CAMIÑO LECTOR	<p>Esta ud. inclúe a lectura de tres obras narrativas íntegras do noso corpus literario actual. Preténdese traballar a comprensión lectora literal, inferencial e crítica cun incremento da dificultade adaptado ao nivel.</p> <p>1-Lectura de 'Infamia' de Leticia Costas.</p> <p>2-Lectura de 'Beleza vermella' de Arantza Portabales.</p> <p>3-Lectura de 'O enigma de Santiago' de Xosé A. Neira Cruz.</p> <p>Tamén se aproveitan estas sesións para comentar as representacións poéticas ou teatrais ás que asista o alumnado ou os encontros con autores, de habelos. Quérese contribuír así a forxar un itinerario lector que poña en contacto o alumnado con obras e nomes relevantes do noso sistema literario e con temáticas de relevancia cultural ou de interese social.</p>	10	6	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	LINGUAS DA PENÍNSULA. A LUSOFONÍA	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación da orixe común do galego e do portugués e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando os trazos lingüísticos máis salientables e ampliando o repertorio léxico en lingua portuguesa.	Recoñece os trazos lingüísticos que asemellan e diferencian galego e portugués, particularmente no ámbito fonético e ortográfico, de xeito que pode comprender un texto escrito sinxelo en portugués.	PE	100
CA1.4 - Valorar a lingua éuscara, analizando as súas características máis salientables para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	Asigna as linguas da península á súa familia lingüística. Coñece a súa orixe, desenvolvemento sociohistórico e estatus legal actual. Recoñéceas nun texto oral ou escrito. Neste marco, é quen de entender as peculiaridades lingüísticas do éuscaro e aprende algunhas das súas expresións básicas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ampliación do coñecemento do portugués. Semellanzas e diferenzas léxicas entre o galego e o portugués (falsos amigos).</li> <li>- Valoración e comprensión das principais características do éuscaro.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	FONOLOXÍA DO GALEGO	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Coñece a idiosincrasia da fonética galega e é quen de recoñecer e de reproducir as vogais abertas e pechadas, o 'xe' e as distintas nasais do sistema fonolóxico galego en actividades específicas e nas súas producións orais.	PE	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Formular xeneralización sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Coñece as características do sistema fonolóxico do galego, descríbete e transcríbete.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	TEXTO NARRATIVO	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprende o argumento e interpreta o tema dun texto narrativo de tipo literario, realizando as inferencias necesarias, e analiza para iso a estrutura da historia e os elementos da narración.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Analiza a forma dun texto narrativo de tipo literario, analizando para iso a voz narrativa e a configuración da trama, identificando as anacronías en orde de reconstruír a historia en orde cronolóxica.	PE	100
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Dado un texto de tipo literario, é capaz de asocialo ao xénero narrativo, identificando para iso as súas diferenzas coa lírica e o teatro, e ao seu subxénero.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do univers</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	POESÍA 1916-1936	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Interpreta o contido dun texto poético de Cabanillas ou das vangardas de comezos do século XX dando conta da súa estrutura, do seu argumento e tema e da intención do autor, relacionándoo coa liña temática ou coa corrente artística á que pertence, e co contexto sociohistórico no que foi producido.	PE	90
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Analiza a forma dun texto poético das vangardas de comezos do século XX, analizando os procedementos lingüísticos e estilísticos empregados e relacionándoa coa extensión xenérica e temática e coa modernización da linguaxe literaria neste período da literatura galega.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Coñece o contexto sociohistórico e cultural que enmarca a obra de Ramón Cabanillas e relaciónaa co movemento agrarista e co nacemento do nacionalismo. Entende a evolución temática e formal que supuxeron as vangardas na nosa poesía e relaciónaas con determinados feitos históricos.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Establece vínculos entre Cabanillas e outros ex. de poesía social, de cultivo do mito artúrico ou de elevación de figuras históricas (como Pardo de Cela) á categoría de símbolos nacionais. Relaciona as vangardas galegas coas europeas e con outras artes, e o neotrobadorismo coa tradición medieval.	TI	10
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea textos poéticos vangardistas na liña das vangardas europeas ou tomando como modelo as vangardas poéticas galegas de comezos do séc. XX e exponos na biblioteca.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de</li> </ul>

Contidos
<p>- parentescos literarios.</p> <p>- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e lingua-xes. Elementos de continuidade e d</p>

UD	Título da UD	Duración
5	PROSA 1916-1936	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Interpreta o contido dun texto narrativo, ensaístico ou teatral da Xeración Nós dando conta da súa estrutura, do seu argumento e tema e da intención do autor, relacionándoo coa liña temática ou coa corrente artística á que pertence, e co contexto sociohistórico no que foi producido.	PE	100
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Analiza a forma dun texto narrativo, ensaístico ou teatral da Xeración Nós, identificando o seu estilo, analizando os procedementos lingüísticos empregados e relacionándoa coa extensión xenérica e temática e coa modernización da linguaxe literaria neste período da literatura galega.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Coñece o contexto sociohistórico que enmarca a obra de Risco, Otero Pedrayo e Castelao e relaciónao coas súas liñas temáticas, especialmente no tocante á decadencia da fidalguía e o ascenso da burguesía, á miseria e emigración dos labregos, ao nacemento do nacionalismo e á represión tras a ditadura.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Establece vínculos entre a obra de Risco, Otero Pedrayo e Castelao e outras obras e autores da nosa tradición literaria e da arte e cultura universal e dá unha resposta persoal ante as súas diverxencias ideolóxicas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<p>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</p>



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios.</li> <li>- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e lingua-xes. Elementos de continuidade e d</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	CONTACTO DE LINGUAS	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística da contorna escolar e social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	Coñece os conceptos de lingua minorizada, bilingüismo e diglosia. Coñece o concepto de lingua oficial, as leis relativas á lingua galega e entende as implicacións dos dereitos e deberes lingüísticos. Identifica os prexuízos e estereotipos lingüísticos que se producen arredor e nos mass media.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias.</li> <li>- Indagación sobre os dereitos lingüísticos e a súa expresión en leis e declaracións institucionais.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	SINTAXE SIMPLE	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Distingue entre forma e función das palabras. Recoñece a orde e xerarquía das palabras no sintagma e na oración. Identifica as funcións das oracións simples e clasifícaas en tipos. Relaciona os esquemas semántico e sintáctico da oración simple e transforma enunciados de acordo con estes esquemas.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.</li> <li>- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras. A subordinación. A consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	POESÍA 1936-1975	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Interpreta de maneira completa o contido dun texto poético da etapa 1936-1975 dando conta da súa estrutura, do seu argumento e tema e da intención do autor, relacionándoo coa liña temática ou coa corrente artística á que pertence e co contexto sociohistórico no que foi producido.	PE	95
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Analiza a forma dun texto poético da etapa 1936-1975, analizando os procedementos lingüísticos e estilísticos empregados e relacionándoa coa extensión xenérica e temática e coa modernización da linguaxe literaria neste período da literatura galega.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Coñece o contexto sociohistórico que enmarca a obra de Luís Seoane, Celso Emilio Ferreiro, Uxío Novoneira, Manuel María e Méndez Ferrín e relaciónao coa súa liña literaria, especialmente na poesía social máis crítica coa ditadura.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Establece vínculos entre a poesía social dos autores estudados no período 1936-1975 e outras manifestacións artísticas contemporáneas de denuncia social e entre a poesía satírica de CEF e outras obras da nosa tradición literaria como a poesía de escarnio medieval ou coa sátira carnavalesca.	TI	5
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea coplas satíricas de Entroido en grupos pequenos partindo de referentes poéticos satíricos da historia da literatura galega como as cantigas medievais ou a obra de CEF, ou populares, como as coplas dos Xenerais do Ulla, as regueifas, etc.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e lingua-xes. Elementos de continuidade e d

UD	Título da UD	Duración
9	VARIACIÓN E ESTÁNDAR	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer e valorar as variantes dialectais do galego, identificando os trazos fónicos, gramaticais e léxicos máis característicos dos bloques e das principais áreas lingüísticas, establecendo as diferenzas respecto da norma e distinguindo estes trazos dos sociolectais e de rexistro en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Asigna un bloque e explica os seus fenómenos dialectais. Coñece as isoglosas importantes e sitúa Ordes no mapa dialectal galego. Explica os rasgos dos sociolectos e rexistros, os contextos de uso do estándar e as etapas, institucións, textos e criterios da normativización do galego.	PE	65
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	É capaz de analizar nun texto dado a variante lingüística á que pertence atendendo á súa orixe xeográfica, social ou contextual. Pode transformar enunciados á variante estándar ou a un rexistro diferente, identificando e/ou usando segundo proceda léxico popular ou culto e expurgando castelanismos.		
CA1.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social, partindo da información seleccionada.	Fai en grupo o traballo de investigación 'Non me manipules' buscando nos medios dixitais (prensa, rrss, foros...) exemplos de usos interesados, discriminatorios e hostís da lingua cara a determinadas ideas, individuos ou colectivos (rivals ideolóxicos, mulleres, inmigrantes, pobos...).	TI	35
CA2.2 - Realizar exposicións e argumentacións orais e escritas de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	No traballo 'Non me manipules' presenta o traballo cunha exposición oral en rexistro formal cunha estrutura correcta e con fluidez, coherencia e cohesión.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Participar de maneira activa e axeitada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	No traballo 'Non me manipules' escoita con atención as exposicións orais dos compañeiros e as intervencións dos outros durante o coloquio e participa no debate cunha actitude de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	No traballo 'Non me manipules' identifica os usos lingüísticos interesados, discriminatorios ou vexatorios (cousificación, animalización, sexualización, connotacións destrutivas, designacións xocosas e descortesas, imitación da pronuncia...) e desterra dos usos propios estes actos de fala hostís.		
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos, procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.	No traballo 'Non me manipules' participa no coloquio trala exposición oral propia e dos compañeiros e usa estratexias para a resolución dialogada de posibles desavenencias.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	No traballo 'Non me manipules' fai unha exposición oral do traballo e nela utiliza unha lingua respectuosa coa fonética e a morfosintaxe do galego, evita os castelanismos, selecciona a variante estándar e esfórzase por incorporar léxico e construcións xenuínas galegas.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	No traballo 'Non me manipules' utiliza textos de apoio á exposición oral correctos ortográfica e gramaticalmente e sen a presenza de castelanismos. Apóiase para logralo nos recursos dixitais dos que dispomos (dicionarios online, correctores ortográficos, conxugadores verbais).		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	No traballo 'Non me manipules' a exposición remata cunha conclusión sobre os efectos no receptor das eleccións lingüísticas realizadas nos medios de comunicación, que orientan as nosas ideas e sentimentos cara a determinadas ideas, individuos ou colectivos utilizando a linguaxe como arma.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fenómenos dialectais fónicos, gramaticais e léxicos dos bloques e das áreas lingüísticas do galego. Comparación entre a norma e as variedades dialectais.</li> <li>- Diferenzas entre os trazos dialectais, os sociolectos e os rexistros.</li> <li>- Elaboración de traballos de investigación relacionados con temas de interese académico, persoal ou social.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> </ul>

## Contidos

- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás argumentativas.
- Texto expositivo
- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbai
- Usos manipuladores da linguaxe
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos uso
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada. A ex
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. As falsas noticias. Valoración
- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Elaboración de glosarios, recoñecemento de distintos tipos de dicionarios, potenciación das TIC a través do emprego do dicionario d
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.

UD	Título da UD	Duración
10	PROSA 1936-1975	11

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Interpreta o contido dun texto narrativo de Fole, Cunqueiro, Blanco Amor, Neira Vilas ou da NNG dando conta da súa estrutura, do seu argumento e tema e da intención do autor, relacionándoo coa liña temática ou coa corrente artística á que pertence, e co contexto sociohistórico no que foi producido.	PE	100
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Analiza a forma dun texto narrativo de Fole, Cunqueiro, Blanco Amor, Neira Vilas ou da NNG, analizando os procedementos lingüísticos e estilísticos empregados e relacionándoa coa extensión xenérica e temática e coa modernización da linguaxe literaria neste período da literatura galega.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Coñece o contexto sociohistórico de ditadura, coas súas diferentes etapas, que enmarca a obra de Fole, Cunqueiro, Blanco Amor, Neira Vilas ou da NNG e relaciónaa coa corrente literaria á que pertence.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Establece vínculos entre as obras en prosa estudadas no período 1936-1975 e outras obras da tradición literaria e outras artes, relacionando a Fole con outros exemplos literarios do conto contado, a Cunqueiro cos grandes personaxes da literatura universal, á NNG coa literatura europea coetánea, etc.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios.</li> <li>- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
11	SINTAXE COMPOSTA	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Recoñece a orde e xerarquía das palabras no discurso e os compoñentes e funcións das oracións compostas por coordinación ou subordinación. Relaciona os esquemas semántico e sintáctico da oración composta e é quen de transformar enunciados de acordo con estes esquemas.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.</li> <li>- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración composta (subordinada). Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
12	LETRAS GALEGAS DE HOXE	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Interpreta o contido dun texto actual de calquera xénero literario dando conta da súa estrutura, do seu argumento e tema e da intención do autor, relacionándoo coa liña temática ou coa corrente artística á que pertence e co contexto sociohistórico no que foi producido.	PE	15
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Analiza a forma dun texto actual de calquera xénero literario, analizando os procedementos lingüísticos e estilísticos empregados.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Coñece o contexto sociohistórico que enmarca a literatura galega desde a chegada da democracia e relaciona os textos e as obras coa extensión xenérica e temática e coa modernización da linguaxe literaria neste período da literatura galega.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Crea un lema para a exposición coa recreación multimodal de textos literarios que nesta PD chamamos 'Antoloxía poética multimodal', pero que eles terán que idear. Elabora un díptico ou cartel para publicitala usando a web de deseño Canva, na que analizará tamén un modelo de currículo vítae.	TI	85
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Le textos da literatura galega actual e universal en galego e escolle un, segundo os seus gustos ou intereses (libremente ou entre os propostos a modo de constelacións literarias, con presenza de Luísa Villalta) para realizar unha recreación como parte da exposición 'Antoloxía poética multimodal'.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	A recreación poética realizada para a exposición 'Antoloxía poética multimodal' vai acompañada dunha breve explicación nalgún soporte físico ou audiovisual que reflecta a apropiación do texto, como os motivos da súa elección ou os vínculos coa experiencia vital, gustos ou intereses do lector.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Establece vínculos entre textos literarios actuais e o seu contexto histórico e cultural e relaciona os temas recorrentes coas preocupacións que resoan no mundo de hoxe, reflexionando sobre o éxito das mulleres autoras, o auxe da literatura inclusiva, a redefinición e hibridación dos xéneros...		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Recrea un texto da literatura galega e/ou universal en galego con sensibilidade propia a través dun produto plástico, audiovisual (booktrailer, videopoema...) ou a través de calquera outro formato multimodal como parte da exposición 'Antoloxía poética multimodal'.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás argumentativas.</li> <li>- Texto publicitario</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito profesional: o currículo, a carta de motivación e a entrevista de traballo.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> </ul>



**Contidos**

- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: aclarar os propósitos, activar o coñecemento de base, atender os contidos principais, avaliar a consistencia interna entre os contidos e os coñecementos previos, formular e avali
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados, respectando sempre a propiedade intelectual, ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias e modelos de construción compartida da interpretación das obras, como discusións, conversas literarias, debates e emisión razoada das opinións persoais coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do univers
- Lecturas de obras que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
13	TEXTO XORNALÍSTICO	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender, valorar e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Coñece a estrutura dunha noticia, pode sintetizala, realiza as inferencias necesarias para comprender o seu sentido global, a información máis importante e a intención do emisor. Tamén é quen de valorar a eficacia dos procedementos lingüísticos utilizados, como por exemplo no titular.	PE	30
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Coñece as relacións semánticas entre palabras. Identifica o seu valor denotativo e connotativo en función do contexto e o propósito comunicativo. Coñece os procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexiona sobre os cambios no seu significado.		
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Nunha tarefa sobre os textos xornalísticos, demostra que coñece a estrutura dun xornal e as súas seccións e distingue entre os xéneros informativos de opinión.	TI	70
CA2.2 - Realizar exposicións e argumentacións orais e escritas de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Nunha tarefa sobre os textos xornalísticos, redacta unha carta ao director (ou texto análogo), realizando unha argumentación escrita en rexistro formal que respecte as características do xénero discursivo con fluidez, coherencia e cohesión.		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e reelabora e comunica de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Nunha tarefa sobre os textos xornalísticos busca información sobre un tema dado e/ou contrasta unha mesma información procedente de diversos medios de comunicación, valora a súa fiabilidade e reelabóraa adoptando un punto de vista crítico na recepción.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Nunha tarefa sobre os textos xornalísticos reflexiona sobre os algoritmos usados na información dixital (clickbaits, notificacións) e sobre as fake news e a falta de filtro sobre a veracidade da información e outras manipulacións produto da substitución da comunicación xornalística pola das rrss.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Nas tarefas escritas sobre os textos xornalísticos aplica o aprendido sobre procedementos de coherencia e cohesión e semántica para estruturar as ideas e mellorar a precisión e autenticidade léxica. Para maior corrección ortográfica e gramatical usa recursos dixitais (dicionarios, correctores...).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás argumentativas.</li> <li>- Texto argumentativo</li> <li>- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbal</li> <li>- A noticia</li> <li>- A carta ao director</li> <li>- Fake news</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. As falsas noticias. Valoración</li> <li>- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici</li> <li>- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).</li> <li>- Correlación temporal na subordinación de oracións e no discurso relatado.</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do</li> </ul>

Contidos
- propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
14	CAMIÑO LECTOR	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprende o argumento e identifica o tema dunha novela, explica a súa estrutura, selecciona a información máis relevante, entende as relacións entre os personaxes, interpreta o título. Fai todas as inferencias necesarias e comprende a intención última do seu autor.	PE	100
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	De maneira implícita, analiza a forma dunha novela, desentrañando a configuración da trama, identificando as súas diferentes voces, identificando as anacronías para poder reconstruír a historia en orde cronolóxica, etc.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Apóiase na súa experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre as novelas lidas e outros textos e artes, e mobiliza o seu coñecemento do mundo para extrapolar os conflitos da novela e relacionalos cos temas e dilemas da contemporaneidade, dándolles unha resposta persoal.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Na proba de lectura das novelas os textos caracterízanse pola corrección ortográfica e gramatical e a ausencia de castelanismos, pola precisión léxica, polo uso dunha variedade estándar e formal. Presentan cohesión e coherencia, con conectores que estruturan as ideas e un uso adecuado da puntuación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Estratexias e modelos de construción compartida da interpretación das obras, como discusións, conversas literarias, debates e emisión razoada das opinións persoais coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.</li> <li>- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios.</li> </ul>

## Contidos

- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e lingua-xes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do univers
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A área de Lingua Galega e Literatura é unha materia das denominadas instrumentais, polo que no traballo de aula o docente manexa dous obxectivos fundamentais: o desenvolvemento de habilidades na comprensión oral e lectora e na expresión oral e escrita que favorezan a aprendizaxe dos alumnos noutras áreas e a súa integración e promoción social, e a consecución de obxectivos curriculares que lle permitan un mellor coñecemento do seu pasado e dos elementos culturais - particularmente lingüísticos e literarios, pero nunca illados doutras manifestacións históricas que lles faciliten analizar, interpretar e coñecer o seu presente e proxectarse cara ao futuro.

Velaquí algúns apuntamentos metodolóxicos, en relación aos obxectivos perseguidos:

#### a) A competencia comunicativa en galego

- . O uso do galego nas clases é obrigatorio, pero o propósito que se procura é mellorar a competencia comunicativa en lingua galega do alumnado, tendo en conta que a competencia comunicativa non é un simple

'sei falar galego', senón que ten que ver cunha serie de habilidades que inclúen a capacidade de elaborar textos orais, dialogais e escritos de distintos tipos e xéneros textuais.

- Daráselle importancia a aspectos como a corrección, a precisión, a riqueza léxica e a adecuación dos textos e traballarase non só a escrita, senón tamén a oralidade. No tocante á corrección, particularmente nas unidades orientadas á aprendizaxe da gramática vincularanse os conceptos aprendidos con prácticas que perseguen o coñecemento e uso da norma estándar, evitar interferencias co castelán e ampliar o repertorio. En canto ás unidades orientadas á aprendizaxe comunicativa e textual, traballarase a adecuación, a coherencia e a cohesión, o coñecemento e uso dos rexistros, a estrutura dos textos, a aplicación doutras convencións textuais, etc.

- Búscase, en definitiva, que o alumnado sexa quen de se expresar nunha ampla variedade de situación comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais).

#### b) O compromiso co uso do galego

- Amais do coñecemento do código, fomentárase tamén a adhesión ao uso do galego en todos os contextos da vida, poñendo de manifesto a través de diferentes unidades as tradicionais eivas no estatus e no corpus que sufriu a lingua galega, e convidando -mesmo a través do currículo oculto- o noso alumnado a permanecer fieis a unha lingua materna que aínda é a maioritaria entre a rapazada da comarca de Ordes.

### c) O achegamento ao portugués

. Por outra banda, o achegamento ao portugués, o coñecemento de certas nocións básicas do idioma e a comprensión da nosa historia común facilitarán a intercomunicación nas dúas linguas e a adquisición de habilidades que, alén de achegarnos ao país veciño, nos abran a todo un mundo que é o da lusofonía, cheo de posibilidades culturais e laborais.

### d) O desenvolvemento da ensinanza

. Metodoloxías variadas: Ao longo do curso nas clases utilizaranse fragmentos de clase maxistral, presentacións de diapositivas, prácticas con exercicios específicos e con actividades de desenvolver, traballos... e, sobre todo, análise de moitos textos e en formatos variados (escritos, orais, musicais, audiovisuais, cómic...).

. Tarefas complexas: Pídese a realización de tarefas cunha certa complexidade nas que o alumnado debe mobilizar un amplo conxunto de recursos e saberes. Na análise de textos variados cómpre mobilizar toda unha serie de coñecementos previos (acordes á súa idade e nivel académico), a comprensión lectora (non só literal, senón como mínimo inferencial) e a relación co contexto sociocultural na que se produciu e contraste coa realidade do alumnado. Procuramos así contribuír a formar persoas informadas, cultas e críticas.

. Espertar e manter a atención e o interese: No desenvolvemento das clases utilízanse estratexias metodolóxicas que buscan focalizar a atención do noso

alumnado no que teñen que ver, oír e lembrar. Unha delas é a de potenciar a interacción oral constante entre o alumno e o docente, a través de apelacións e preguntas ao gran grupo. Outra é a estratexia da 'provocación', moi útil co alumnado adolescente, co obxectivo de lograr unha adhesión ou oposición inicial que supoña un revulsivo e incrementa a súa atención e interese polos temas propostos.

- Contextualización da aprendizaxe: Cada unidade comeza cunha pequena contextualización e con algún incipit oral que trata de determinar os coñecementos previos do alumnado para relacionalos progresivamente cos novos contidos que se van impartir. Por outra banda, procurárase que os novos coñecementos e o proceso de aprendizaxe estean relacionados co desenvolvemento psicolóxico, o ritmo evolutivo, os coñecementos previos e o contexto sociocultural do alumnado. Vincular as aprendizaxes a contextos reais, ben individuais, ben colectivos, é tamén un dos propósitos da materia: por exemplo ser conscientes de que a nosa lingua é unha ferramenta indispensable para establecer vínculos sociais, e que o seu dominio conduce a unha mellora das posibilidades afectivas e laborais, ou de que a ampliación do noso acervo literario e cultural é fundamental para a explicación do 'nós' como pobo e perceptible en todo o que nos arrodea.

- Aprendizaxe significativa e construtiva: Para acadar este obxectivo procurárase tratar os conceptos de xeito rigoroso, completo e preciso, de acordo ao nivel, e



combinar a memoria coa comprensión, exemplificación e aplicación dos conceptos. Non abonda cunha aprendizaxe superficial e simplemente memorística asignificativa. Tampouco abonda cunha aplicación intuitiva pouco rigorosa, sen rexistro na memoria e desligada dunha reflexión académica.

- Traballo cooperativo: Poderanse propoñer, dependendo do desenvolvemento do curso, traballos e proxectos de investigación ou de creación en liña coa ensinanza por competencias, para fomentar a autonomía, a autoestima e para visibilizar as diferentes fortalezas do alumnado. Poderán ser individuais, pero tamén cooperativos, co obxectivo de mellorar os vínculos entre o alumnado e de estimular as habilidades sociais básicas, a asunción de responsabilidades, o respecto ao punto de vista dos demais, a adaptación ás necesidades colectivas e a delimitación das propias capacidades.

- Interdisciplinariedade e fomento doutras competencias: Na elaboración destes traballos, ou ben noutras actividades complementarias ou extraescolares, favorecerase a a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega e co equipo de biblioteca, mais tamén con outros departamentos, plans e proxectos do centro (Polos Creativos, Aliméntate ben, Erasmus...) como mellor vía para promover actuacións, saídas didácticas, exposicións, espectáculos... e para traballar transversalmente outras destrezas e competencias como a dixital, a audiovisual, a artística, a científica, o

emprendemento, etc.

- Competencia dixital en lingua galega: Procurarase tamén o coñecemento de recursos dixitais que faciliten a procura de información, a revisión dos textos, a súa posterior divulgación, o respecto dos dereitos da propiedade intelectual, etc.

- Compromiso ético: Na selección de textos, proxectos, actividades, e mesmo no enfoque das lecturas da nosa historia da literatura, tratarase de fomentar o compromiso do alumnado cos valores éticos comunmente aceptados nas sociedades plurais e democráticas (respecto ao marco democrático, defensa dos dereitos humanos, convivencia igualitaria e inclusiva, igualdade de dereitos e oportunidades, resolución pacífica de conflitos, loita contra o sexismo, racismo..., tolerancia, cooperación, solidariedade, etc.).

- Cultivo da sensibilidade estética e cultural: Nas clases faranse constantes apelacións intertextuais e conexión entre diferentes tradicións literarias e disciplinas artísticas. O obxectivo é fomentar o enriquecemento do acervo cultural do alumnado, que sexa quen de apreciar a beleza das obras literarias e da arte en xeral e que insira a nosa tradición artística e literaria nas correntes da cultura europea e universal. Un segundo obxectivo é que se convirta en protagonista desta tradición e sexa consciente das súas posibilidades de expresión, para o que se propondrá a realización de traballos de creación e recreación literaria que se compartirán publicamente...

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
<b>RECURSOS BÁSICOS</b>
- Libro de texto 'Lingua galega e literatura 4º ESO', Celia Díaz Núñez, Miriam González Iglesias, Anaya
- Aula virtual do IES Ordes < <a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/iesordes/aulavirtual/">https://www.edu.xunta.gal/centros/iesordes/aulavirtual/</a> >
<b>OBRAS DE LECTURA</b>
- Infamia, de Leticia Costas (ed. Xerais)
- Beleza vermella, de Arantza Portabales (ed. Galaxia)
- O enigma de Santiago, de Xosé A. Neira Cruz (ed. Galaxia)
- Selección de textos literarios actuais
<b>DICIONARIOS, VOCABULARIOS, NORMAS, ATLAS</b>
- Normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega (versión reducida, en pdf descargable), ILG < <a href="https://www.lingua.gal/o-galego/conhecendo/normas-ortograficas-e-morfoloxicas">https://www.lingua.gal/o-galego/conhecendo/normas-ortograficas-e-morfoloxicas</a> >
- DRAG - Dicionario da Real Academia Galega < <a href="https://academia.gal/dicionario">https://academia.gal/dicionario</a> >
- VOLG - Vocabulario ortográfico da lingua galega, RAG / ILG, Galaxia < <a href="http://www.realacademiagalega.org/recursosvolg">http://www.realacademiagalega.org/recursosvolg</a> >
- Dicionario castelán-galego, Rinoceronte Editora < <a href="https://rinoceronte.gal/dicionario/">https://rinoceronte.gal/dicionario/</a> >
- Digalego - Dicionario de galego < <a href="https://digalego.xunta.gal/gl/digalego">https://digalego.xunta.gal/gl/digalego</a> >
- Dicionário Estraviz < <a href="https://www.estraviz.org/">https://www.estraviz.org/</a> >
- Dicionario de dicionarios, ILG ( <a href="https://ilg.usc.gal/ddd/">https://ilg.usc.gal/ddd/</a> )
- Dicionario visual interactivo para o alumnado procedente do estranxeiro < <a href="http://centros.edu.xunta.es/contidos/dicionariovisual/">http://centros.edu.xunta.es/contidos/dicionariovisual/</a> >
- Dicionario de pronuncia da lingua galega, ILG, Xosé Luis Regueira (dir.) < <a href="http://ilg.usc.es/pronuncia/">http://ilg.usc.es/pronuncia/</a> >
- ALGA - Atlas lingüístico galego < <a href="http://ilg.usc.es/gl/proxectos/atlas-linguistico-galego-alga">http://ilg.usc.es/gl/proxectos/atlas-linguistico-galego-alga</a> >
- CAG - Cartografía dos apelidos de Galicia, ILG < <a href="https://ilg.usc.es/cag/">https://ilg.usc.es/cag/</a> >
- Guía de nomes galegos, RAG < <a href="https://academia.gal/nomes/">https://academia.gal/nomes/</a> >
- O Portal das Palabras, RAG e Fundación Barrié < <a href="http://www.portaldaspalabras.org/">http://www.portaldaspalabras.org/</a> >
- Aulas galegas < <a href="https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/">https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/</a> >
- Lex.gal - Dereito galego consolidado < <a href="https://www.lex.gal/portada">https://www.lex.gal/portada</a> >
<b>RECURSOS E ACTIVIDADES GRAMATICAIS ONLINE</b>
- Aprendo Galego < <a href="http://aprendogalego.com/index.html">http://aprendogalego.com/index.html</a> >

- ogalego.eu, web Vitoria Ogando e Anxo González Guerra < <a href="https://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/galegogal.html">https://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/galegogal.html</a> >
- Conxugador de verbos galegos, de Manuel Rosales Graña < <a href="http://cotovia.org/proxecto/conxugador/index.html">http://cotovia.org/proxecto/conxugador/index.html</a> >
- O ximnasio dos verbos < <a href="https://lorientado.github.io/XimnasioDosVerbos/">https://lorientado.github.io/XimnasioDosVerbos/</a> >
- Conshuga - Conxugador de verbos galegos, USC < <a href="https://gramatica.usc.es/pln/gl/tools/conjugador/conjugador.php">https://gramatica.usc.es/pln/gl/tools/conjugador/conjugador.php</a> >
-Vídeo #DígochoEu 'Aprende a distinguir vogais abertas e pechadas cap 1' < <a href="https://www.youtube.com/watch?v=1hL9KtCCkEM">https://www.youtube.com/watch?v=1hL9KtCCkEM</a> > (e seguintes capítulos)
-Vídeo #DígochoEu 'Dous trucos para pronunciar o n velar' < <a href="https://www.youtube.com/watch?v=ifrqRtqZHQc">https://www.youtube.com/watch?v=ifrqRtqZHQc</a> >
-Vídeo #DígochoEu 'Aprende a pronunciar o x' < <a href="https://www.youtube.com/watch?v=XRdtMWVCZrQ">https://www.youtube.com/watch?v=XRdtMWVCZrQ</a> >
<b>RECURSOS PARA OS CONTIDOS SOCIOLINGÜÍSTICOS E SOCIOHISTÓRICOS</b>
- Galego XXI < <a href="http://www.blogoteca.com/galegoxxi/index.php">http://www.blogoteca.com/galegoxxi/index.php</a> >
- Canción 'Terra' das Tanxugueiras < <a href="https://youtu.be/4uGN9efcACw">https://youtu.be/4uGN9efcACw</a> >
- Canción 'Txoria txori' «O paxaro paxaro é» (en éuscaro) < <a href="https://www.youtube.com/watch?v=oq24T1Ur-o4">https://www.youtube.com/watch?v=oq24T1Ur-o4</a> >
- Canción 'Més fort' de Tanxugueiras (en catalán) < <a href="https://youtu.be/J_-E0mSB5GE">https://youtu.be/J_-E0mSB5GE</a> >
- Canción 'Cómo ye?!' de Rodrigo Cuevas (en asturiano) < <a href="https://www.youtube.com/watch?v=fQKdAfSZC9w">https://www.youtube.com/watch?v=fQKdAfSZC9w</a> >
- Canción '500 Anos de Sobrevivência', de Gabriel O Pensador (en portugués do Brasil) < <a href="https://youtu.be/KUU9bfNHBFI">https://youtu.be/KUU9bfNHBFI</a> >
- Vídeo 'O que é lusofonía' < <a href="https://youtu.be/Yc1Vd1NLLIU">https://youtu.be/Yc1Vd1NLLIU</a> >
- Cómic 'Das Orixes á Unión Europea, Historia da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal' < <a href="https://www.eixoatlantico.com/es/listado-publicaciones/6004-comic-galicia-norte-de-portugal-historia-de-la-eurorregion">https://www.eixoatlantico.com/es/listado-publicaciones/6004-comic-galicia-norte-de-portugal-historia-de-la-eurorregion</a> >
- Cómic 'O báculo de Daghdha' < <a href="https://www.eixoatlantico.com/es/listado-publicaciones/3143-o-baculo-de-daghdha-es">https://www.eixoatlantico.com/es/listado-publicaciones/3143-o-baculo-de-daghdha-es</a> >
- Historia da lingua galega, de Pepe Carreiro, Baia Edicións
- Blogoteca, Vichelo, miráchelo < <a href="http://www.blogoteca.com/vichelo">http://www.blogoteca.com/vichelo</a> >
- Ronseltz, Unicornio de cenorias que cabalgas os sábados (poemas online parodia das cantigas medievais)
- Romance 'Historia da lingua galega', Darío Xohán Cabana: texto < <a href="https://issuu.com/cacharron7/docs/romance_da_lingua_galega">https://issuu.com/cacharron7/docs/romance_da_lingua_galega</a> >, versión musicada d'A Quenlla < <a href="https://youtu.be/DJinbmFDvk4">https://youtu.be/DJinbmFDvk4</a> >
<b>LITERATURA MUSICADA</b>
- Son de poetas < <a href="http://sondepoetas.blogspot.com/">http://sondepoetas.blogspot.com/</a> >
- Versións musicadas de poemas de Castelao ('Lela') e Lorca ('Chove en Santiago')
- Versións musicadas de poemas de Celso Emilio Ferreiro ('Irmaus', 'Deitado fronte ao mar', 'Eu en ti', etc.)
- Versións musicadas de poemas Manuel María ('Bando do alcalde', 'O carro')

O alumnado terá ao longo do curso ao seu alcance unha morea de recursos didácticos presentados polo

profesorado a través das pantallas dixitais na aula, a través da aula virtual ou fisicamente en papel.

Contará co libro de texto, pero ademais o profesorado fornecerá en ocasións cadernos de traballo, e utilizará nas aulas materiais variados: presentacións de diapositivas, textos en formatos moi variados (escritos, orais, musicais, audiovisuais, fotografías, cómic...). As aulas están equipadas con ordenadores, conexión a internet, canons e pantallas dixitais: a través delas pódese acceder a multitude de materiais almacenados na memoria do PC ou dun pen drive, e a toda a información e a infinidade de recursos da web. Como mostra, detállanse algúns destes recursos e materiais, pois a listaxe é enorme e en constante renovación.

Por outra banda, a biblioteca do centro ofrece un catálogo moi completo de lecturas informativas, de obras literarias de todos os xéneros e épocas, antoloxías, libros de texto, mapas, xornais, películas, etc. Tamén ofrece recursos dixitais para consultar información e realizar traballos de investigación (ordenadores accesibles para o alumnado, con conexión a internet, etc.).

### **5.1. Procedemento para a avaliación inicial**

A avaliación inicial ten como finalidade diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado. Efectuarase nas primeiras sesións do curso.

Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico da alumna ou alumno no XADE, unha

ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos necesarios, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

A avaliación inicial poderase realizar de varias maneiras:

- dunha maneira indutiva a través da observación ou da análise dalgún texto oral, escrito ou audiovisual;
- coa realización dalgunha produción oral ou escrita, non necesariamente relacionada co temario, que poña de relevo a madurez do alumno;
- cunha proba específica que inclúa cuestións relacionadas coa reflexión sobre a lingua, sociolingüística ou literatura referidas ao aprendido no nivel ou etapa anterior.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	4	8	9	9	8	4	8	10	5	10
<b>Proba escrita</b>	100	100	100	90	100	100	100	95	65	100
<b>Táboa de indicadores</b>	0	0	0	10	0	0	0	5	35	0

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	100	15	30	100	<b>89</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	0	85	70	0	<b>11</b>

#### Criterios de cualificación:

A nota da avaliación ordinaria será o resultado da media das tres avaliacións

- Para acadar o aprobado cómpre obter un 5 de media entre as tres avaliacións, tras realizar, de ser necesario, as probas de recuperación precisas.

- A media das avaliacións axustarase (tendo en conta que nas notas dos trimestres non hai decimais) segundo as medias reais das probas, tarefas e lecturas realizadas durante o curso.

- Para os efectos de cualificación, os contidos distribúense en tres trimestres, aos que corresponde cadansúa nota. O trimestre considérase aprobado cunha nota mínima de 5.

Para establecer as medias avalíanse as probas, as tarefas realizadas a diario e unha lectura obrigatoria. As porcentaxes establecidas para cada parte son as seguintes:

a) Probas orais e escritas: 90%

Entran neste apartado todas aquelas probas e tarefas das que se esixa entrega e que leven asociada unha nota na súa corrección correspondentes ás unidades 1-13 desta programación.

Por regra xeral realizaranse dous exames por trimestre. Este número pode variar en función das circunstancias do curso e do avance na materia. Estes exames, xunto coas demais probas (comentarios, etc.) poderanse realizar sen previo aviso ou ben convocálas con antelación.

As probas orais e escritas poden ser de distintos tipos: con preguntas obxectivas, comentarios, desenvolvemento dun tema, test, redaccións, traballos, exposicións, recitados... Das probas orais deixarase constancia no caderno ou fichas do profesor.

En canto á corrección na expresión escrita, poderase descontar ata 1,5 puntos na cualificación por erros lingüísticos: incorreccións léxicas, morfolóxicas e sintácticas, erros ortográficos e na puntuación e acentuación, na coherencia e na cohesión. Valorarase tamén a presentación adecuada dos escritos e das probas.

O alumnado que cometa fraude durante a realización dunha proba (copiar nun exame, plaxio nunha tarefa...) será cualificado cun 0 nesa proba.

b) As lecturas: 10%

Para a avaliación destas lecturas, que son as contempladas na unidade 14 da programación, o alumnado deberá realizar unha proba escrita, oral ou tarefa indicada polo profesorado no tempo e forma establecidos. Nesta proba debe demostrar a realización da lectura e a súa comprensión. As obras de lecturas propostas serán unicamente avaliadas en cadanseu trimestre e non serán obxecto de recuperación. Non realizala e superala con éxito implica renunciar ao 10% da cualificación.

As lecturas obrigatorias para 4<sup>o</sup> ESO son.

- Infamia, de Leticia Costas.
- Beleza vermella, de Arantza Portabales.
- O enigma de Santiago, de Xosé A. Neira Cruz.

c) O traballo diario e a progresión individual

O profesor poderá redondear á alza a nota con ata 0,5 puntos extra no caso do alumnado no que perciba unha especial progresión individual desde o seu punto inicial ou ben un especial esforzo e capacidade de superación.

Avaliarase a partir dos seguintes instrumentos:

- A observación directa do traballo e da participación relevante na aula.
- A utilización da lingua galega e o esforzo no uso correcto do código.
- As tarefas de realización diaria realizadas na aula ou na casa, postas á disposición da profesora se esta o require. Nelas apreciarase que estean convenientemente actualizadas no caderno ou en calquera outro soporte utilizado, que estean completas, realizadas con especial atención e dedicación, a correcta realización das actividades, a autocorrección dos exercicios por parte do alumnado, a expresión, a ortografía, a orde, a claridade, a presentación, a limpeza, e calquera outro aspecto que se considere relevante.

#### d) Traballos extra

Tamén se deixa aberta a porta á realización de traballos que poderán subir a nota do trimestre: lecturas extra e traballos elaborados sobre elas, proxectos artísticos, literarios, videográficos ou cinematográficos, entrevistas...

A súa realización, de ser o caso, consensuarase co profesor/a e establecerase a puntuación extra que poden supor dependendo da súa envergadura. Esta puntuación extra nunca excederá 1 punto no global do trimestre.

#### e) O uso do galego oral

En canto ao uso do galego como lingua vehicular durante o desenvolvemento das sesións e na comunicación entre docente e alumno/a, é obrigatorio.

No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no artigo 12 establécese: "2. Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado".

O incumprimento deste artigo por parte da alumna ou alumno no desenvolvemento das sesións de clase provocará un suspenso na materia en tanto que demostra falta de coñecemento ou respecto pola utilización da nosa lingua que é o núcleo da propia materia. Se a falta é parcial, a penalización tamén o será.

Seguindo o Decreto tamén, o alumnado deberá falar e escribir en galego nas súas probas e, de non facelo, a proba en cuestión será cualificada con 0 puntos.

Entenderase que unha proba está noutra lingua e non en galego cando o nivel de incorreccións supere o dobre do permitido, isto é, cando a unha proba de 4º ESO lle corresponderían os 3 puntos de rebaixa por incorreccións lingüísticas.

#### **Criterios de recuperación:**

Cando algún trimestre sexa avaliado de maneira negativa estableceranse mecanismos de recuperación da avaliación enteira ou da parte suspensa ao longo do curso.

Realizaranse as seguintes recuperacións:

- A recuperación da 1ª avaliación ao longo do 2º trimestre
- A recuperación da 2ª avaliación ao longo do 3º trimestre.
- A finais de xuño haberá unha nova proba de recuperación das partes suspensas para aquel alumnado que ao rematar os tres trimestres non acadara unha media de 5. As partes suspensas da 3ª avaliación incluíranse nesta proba.



## 6. Medidas de atención á diversidade

A Orde do 6 setembro de 2021, que desenvolve o Decreto 229/2011 de atención á diversidade, define no seu artigo 41 a atención á diversidade como as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.

Un dos compromisos do Departamento de Galego é o compromiso coa equidade, coa inclusión e coa xustiza social. Para poder levar á práctica este compromiso e establecer medidas de atención á diversidade efectivas, debemos coñecer en primeiro lugar información relevante sobre o noso alumnado e sobre os grupos nos que estudan.

Esta información recadarase a través da reunión de avaliación inicial, dos informes previos proporcionados polo Departamento de Orientación, e a través de diálogos/debates/escritos... na aula que permitan que o docente coñeza os estudantes e mesmo eles a si mesmos.

### A INFORMACIÓN E AS MEDIDAS DE GRUPO:

Con respecto ao grupo, a información de base fundamental é a seguinte:

#### a) Funcionamento do grupo

- O número de alumnos e alumnas de cada grupo e os puntos fortes e febles que se identifican en canto ao clima da aula, nivel de disciplina, atención...
- As necesidades identificadas poden condicionar decisións relativas á xestión da aula, dos seus espazos...

#### b) Desenvolvemento xeral dos contidos curriculares:

- Os puntos fortes e febles que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades identificadas poden condicionar as estratexias metodolóxicas, un especial seguimento, etc.

#### c) Aspectos competenciais

- Recadarase información sobre os puntos fortes e febles que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- As necesidades identificadas poden condicionar focalizar a atención máis ou menos en determinados aspectos lingüísticos (a oralidade, o coñecemento do estándar, a corrección, a expresión escrita, etc.).

### A INFORMACIÓN E AS MEDIDAS INDIVIDUAIS:

Con respecto a cada alumno/a en concreto, cómpre tamén recadar información para coñecer aspectos individuais que sexan relevantes educativamente. A partir dela poderemos adoptar medidas especiais de atención á diversidade:

Durante o curso 2023-24 non se detectaron na aula casos de alumnado con Necesidades Educativas Especiais, trastornos da linguaxe, vulnerabilidade socioeducativa, altas capacidades, etc.

Si que se detectaron outras necesidades, derivadas das lagoas curriculares de base, falta de hábitos de estudo, de atención, de organización, e hai varios casos de alumnos de procedencia foránea con descoñecemento total ou déficits importantes no uso da lingua galega.

#### a) Alumnado con dificultades de aprendizaxe

- Incluímos neste grupo o alumnado sen ningún trastorno que ten dificultades para o seguimento da materia debido á falta de coñecementos de base, de expresión e de

comprensión lectora, de hábitos de estudo...

- Con este alumnado en mente, ao comezo dos temas repasaranse en gran grupo algunhas nocións xa estudadas en cursos previos que serven de apoio para a asimilación dos novos contidos.

b) Alumnado con dificultades de atención e organización

- Incluímos neste grupo o alumnado sen ningún trastorno que ten dificultades de atención e de organización dos materiais e do proceso individual de

- Con este alumnado en mente, utilizarase como apoio a aula virtual para achegar un índice detallado dos contidos de cada unidade que lle sirva ao alumnado para organizar os apuntamentos na casa e para relacionar o explicado na clase cos apartados do libro de texto. Serviralle tamén como autoavaliación previa do seu proceso de aprendizaxe.

- Tamén se utilizará para remitir o alumnado menos atento ou participativo nas actividades orais realizadas na aula e en gran grupo a recursos e actividades individuais extra para exercitar o aprendido na casa (algunhas delas con autocorrección).

- Utilizaranse ademais cando proceda recursos de apoio visual ás explicacións orais: presentacións en diapositivas, recursos dixitais...

c) Alumnado foráneo con descoñecemento da lingua galega

- Incluímos neste grupo o alumnado de fóra de Galicia que chegou aquí recentemente e descoñece a lingua galega.

- Establecemos varias casuísticas:

- A do alumnado que leva menos de dous anos en Galicia, con descoñecemento total da lingua, que ten a posibilidade de exención en lingua galega. Procuraráselle materiais para que a vaia aprendendo.

- A do alumnado que xa leva dous anos ou máis en Galicia e ten como lingua de partida unha lingua próxima ao galego; unha vez rematado o período de exención, o alumnado deberá ser capaz de utilizar comunicativamente a lingua galega, tras un prazo razoable para aprendela.

- A do alumnado de procedencia estranxeira que ten como lingua de partida unha lingua moi afastada do galego e ao que xa lle rematou o período de exención. Neste caso poderase adoptar a medida curricular de privilexiar o desenvolvemento da súa competencia comunicativa en galego e os contidos curriculares máis culturais e sociolingüísticos sobre a reflexión gramatical, dada a dificultade que conleva.

#### SEGUIMIENTO DO ALUMNADO

Cómpre, en último lugar, establecer o modelo de seguimento deste alumnado.

a) Alumnado repetidor:

- No caso do alumnado repetidor participábase desde a materia de Lingua Galega no plan específico personalizado, obrigado polo artigo 52 da Orde do 6 setembro de 2021, que desenvolve o Decreto 229/2011 de atención á diversidade, que esixe establecer as estratexias metodolóxicas e os recursos necesarios para o desenvolvemento do plan, amais das medidas extraordinarias en caso de que proceda

b) Outro alumnado:

- Tamén se lle dedicará un tempo especial nas xuntas ordinarias de avaliación aos outros casos detectados, aínda que non repitan curso, para compartir a información co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe, especialmente coa persoa titora.

- Fóra destas xuntas, informarase o titor e/ou a orientadora do centro do progreso ou ausencia de progreso destes alumnos.

## ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS E RECURSOS

Para contribuír ao progreso deste alumnado, utilizaranse varias estratexias que xa se foron adiantando, entre as que destacan as seguintes:

- Achegamento de materiais para iniciarse no coñecemento da lingua galega cando procede.
- Reforzo de contidos e competencias cando procede: por exemplo repasando nocións teoricamente xa sabidas que se precisan de base para a adquisición de novas aprendizaxes
- Actividades e cadernos de traballo complementarios cando non acaden os contidos mínimos nas probas ordinarias.
- Adaptacións de tempos nas probas e exames cando procede.
- Índice de contidos mínimos de cada unidade na Aula virtual, como apoio para o seguimento das clases e organización dos materiais propios.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Creatividade				X				X
ET.2 - Comunicación audiovisual								
ET.3 - Competencia dixital		X						
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico								
ET.5 - Educación emocional e en valores	X			X	X	X		X
ET.6 - Igualdade de xénero				X				

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14
ET.1 - Creatividade				X		
ET.2 - Comunicación audiovisual				X		
ET.3 - Competencia dixital	X			X		
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico	X				X	
ET.5 - Educación emocional e en valores	X	X		X	X	X
ET.6 - Igualdade de xénero	X			X		X

#### Observacións:

Desde a materia de Lingua Galega traballaremos todos os elementos transversais establecidos no Decreto do currículo da ESO. Pola peculiaridade da materia, a comprensión lectora e a expresión oral e escrita, ao formaren parte do currículo, terán un peso maior, e non se desagregan neste apartado porque forman parte consubstancial da materia. Como parte tamén do currículo, traballaremos o respecto á pluralidade lingüística en varias das unidades.

- Fomentaremos a creatividade a través das tarefas propostas de recreación literaria e das exposicións: creación de textos vangardistas, creación de coplas satíricas, recreación multimodal de textos literarios e exposición 'Antoloxía poética multimodal'.

- A comunicación audiovisual traballarémola con algún destes traballos de creación, que incluirán recursos multimodais (videopoemas...) e coa nosa colaboración coa radio escolar.

- A competencia dixital traballarase co traballo de edición das gravacións audiovisuais, coas procuras de información online que esixen o traballo 'Non me manipules' e as actividades realizadas co xornal, e coa elaboración dunha carta de formantes, o equivalente acústico ao triángulo vocálico, das nosas propias vogais utilizando o programa Praat, e mais co achegamento a recursos lingüísticos dixitais (dicionarios online, correctores ortográficos, conxugadores verbais...).

- Ponse o foco tamén no fomento do espírito crítico, especialmente no traballo 'Non me manipules' que analiza as

implicacións, discriminacións e manipulacións que se agachan detrás das eleccións lingüísticas, e tamén ao tratar o tema do texto xornalístico. Ademais, exercitarase indirectamente ao tratar as unidades de sociolingüística e de historia da lingua e literatura.

- Dámoslle tamén grande importancia á a educación en valores, para axudar a formar cidadáns tolerantes, empáticos, comprometidos cos valores democráticos e coa diversidade: trátase a diversidade ao falarmos da pluralidade lingüística na península e da súa represión en determinados períodos, dos valores democráticos ao contextualizar a literatura do franquismo, a tolerancia cos rivais no traballo 'Non me manipules', nas representacións teatrais programadas trátase o tema do acoso escolar e dos refuxiados en Europa, etc.

- Abordamos tamén a igualdade de xénero no traballo 'Non me manipules' ao analizar actos lingüísticos hostís como o da sexualización, tratámola de maneira transversal nos temas de literatura, ao acceder a un corpus maioritariamente masculino, e de maneira especial na unidade da literatura actual, poñendo de relevo o éxito e importancia das mulleres autoras.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Xincana 'Aliméntate ben' na praza de Abastos de Santiago	Actividade que pretende sensibilizar o alumnado co produto local e a alimentación saudable. Feito en colaboración coa Biblioteca e no marco do programa Nutriescolas.	X		
Asistencia á representación 'O pequeno poni' de Redrum Teatro en Santiago	Unha peza teatral sobre o acoso escolar e a incapacidade dos adultos e do sistema de protexer adecuadamente a infancia.	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Polo San Martiño, trompos ao camiño	Sesión de achegamento aos xogos populares galegos e ao refraneiro popular de maneira lúdica bailando o trompo e vendo unha colección de buxainas	X		
Asistencia á representación teatral 'Vía morta' de Pallasos en rebeldía	No propio ximnasio do instituto, esta montaxe teatral achega a realidade das persoas refuxiadas a través dunha proposta que converte o espectador nun refuxiado máis.		X	
Encontro con algún protagonista do sistema literario ou cultural galego	Programarase segundo oferta dispoñible, polo tanto pode cambiar a súa temporalización.		X	X
'Antoloxía poética multimodal'	Exposición das recreacións de textos actuais realizadas noutro soporte polo alumnado.			X

**Observacións:**

Contémplase a posibilidade de realizar actividades complementarias e/ou extraescolares que sirvan para o enriquecemento persoal e cultural do alumno desde a literatura, a arte e a realidade galega. Neste sentido mantemos contacto permanente co EDLG e coa Biblioteca para posibles proxectos. Realizaranse en función da oferta e das posibilidades do curso académico, e contémplanse ideas como as seguintes: Amais das actividades xa concretadas, poderanse realizar outras actividades complementarias e extraescolares que se irán decidindo ao longo do curso en función da oferta dispoñible. Poderán ser, por exemplo, do seguinte tipo:

- Encontros con escritores ou con outros protagonistas do sistema cultural galego.
- Rutas literarias.
- Actividades arredor das celebracións relacionadas coa lingua ou coa literatura (Día do libro, Día das Letras Galegas...)
- Recitais poéticos ou lecturas dramatizadas na aula.
- Acudir a actividades culturais: representación teatral, exposición...
- Visitar a redacción dun xornal, unha imprenta, unha biblioteca...

En fin, todo tipo de actividades complementarias que sirvan para o enriquecemento persoal e cultural do alumno desde a literatura, a arte e a realidade galega. Neste sentido, estamos sempre en permanente colaboración co EDLG, coa Biblioteca e mesmo con

outros departamentos e proxectos do centro, dada a nosa vocación interdisciplinaria. Se algunha destas actividades se desenvolven fóra da localidade de Ordes contarán co permiso por escrito da nai, do pai ou dos titores legais. Tamén colaboramos con Departamento de Orientación en base ao compromiso do Departamento de Galego coa formación integral do individuo.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
- Programa a materia de acordo co establecido na lexislación e secuencia os contidos de forma progresiva.
- As unidades didácticas temporalízanse en función do tempo dispoñible e axústanse á temporalización prevista.
- Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación.
- Fai o seguimento da programación didáctica ao longo do curso e realiza as modificacións e adaptacións necesarias.
- Asiste ás reunións de departamento. Nelas achéganse ideas, información e suxestións de modificacións á PD. Avalíanse os resultados das avaliacións do alumnado e propóñense mecanismos de mellora.
Metodoloxía empregada
- Planifica as clases e prepara actividades.
- Amosa nas clases dominio da materia e unha actitude activa e dinámica.
- Amosa nas clases dominio da materia e unha actitude activa e dinámica.
- As explicacións son claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
- Detecta os coñecementos previos, relaciona os conceptos novos cos xa coñecidos, intercala preguntas aclaratorias, pon exemplos...
- Incorpora recursos na ensinanza dos contidos: axuda audiovisuais, recursos web, materiais doutro tipo...
- Informa o alumnado dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación establecidos.
- Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados son os adecuados.
- Mantén a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e mínimos de consecución.
- As probas de avaliación, trala súa corrección, entréganselle ao alumnado e analízanse e coméntanse na clase.
- Analízase a cualificación do alumnado e valóranse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia.



Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
- Mantén a limpeza e a orde física da aula na distribución dos espazos de traballo.
- Utiliza os recursos da aula para a súa práctica docente: ordenador, conexión a Internet, proxector, encerado...
Medidas de atención á diversidade
- Fai o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo de curso, prestándolle especial atención a quen non supera a materia.
- Aplica os protocolos correspondentes relativos á diversidade do alumnado, fornecidos polo Departamento de Orientación.
- Fai o seguimento da diversidade do alumnado: ACNEAE, repetidores/as, alumnado que vén de fóra...
- Demostra sensibilidade ante as diversas problemáticas do alumnado
- Demostra sensibilidade ante as diferenzas culturais e de procedencia do alumnado e as dificultades lingüísticas que poidan presentar na aprendizaxe o no uso do galego.
- Informa o alumnado sobre progresos e dificultades.
- Fornece un índice dos contidos traballados a través da Aula virtual para facilitar a organización do traballo e dos materiais de estudo.
Clima de traballo na aula
- Mantén unha actitude respectuosa cara ao alumnado.
- Mantén o silencio na aula, entendido como sinónimo de cooperación (ausencia de distraccións, murmullos, conversas paralelas...), atención e respecto.
- Estimula a participación dos estudantes na aula.
- Aclara as dúbidas que xorden dentro e fóra das clases.
- Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas.
- Revisa os traballos propostos na aula e fóra dela.
- Propón actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
- Informa o/a titor/a da evolución do alumnado cando este o solicita ou algunha causa o motiva.
- Atende as familias cando solicitan titorías directas co/a profesor/a.
- Establece unha comunicación fluída con outros departamentos.
- Participa en actividades con outros equipos e grupos de traballo (EDLG, Biblioteca, Clubs de Lectura, Erasmus, Nutriescola, Polos Creativos, radio escolar...).
Outros
- O profesorado mantense actualizado en aspectos didácticos xerais, específicos da súa materia e no ámbito das novas tecnoloxías.

**Descrición:**

Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino.

Ao final de curso, cómpre facer unha reflexión sobre o proceso de ensino. Os resultados desta reflexión deben servir para tomar decisións que cambien algún aspecto ou que limen imperfeccións na propia práctica docente. A valoración débese efectuar, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro que inciden sobre varios aspectos fundamentais:

1. A planificación docente, que ten en conta a organización do currículo na programación didáctica.
2. O desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, para avaliar a metodoloxía (o proceso de transmisión dos coñecementos) e a avaliación, para facela máis axustada aos obxectivos e máis fiable, robusta e transparente.
3. A organización xeral da aula, pois un espazo físico ordenado e limpo favorece a atención e a aprendizaxe, e o aproveitamento de recursos como o acceso a Internet e o proxector permite ofrecer unha variedade de estímulos e aumentar a motivación ante os contidos.
4. A atención á diversidade do alumnado, para mellorar a relación docente-alumno e crear un clima de afecto e cercanía e para ter en conta as súas necesidades e aumentar o seu rendemento.
5. O clima de traballo na aula, entendido como crear un contorno de cooperación que se concrete na atención na clase, na participación dentro da orde, no respecto mutuo, e no progreso no traballo a través da realización e corrección de actividades e resolución das dúbidas.
6. A coordinación interdepartamental, para establecer obxectivos comúns, evitar duplicidades e potenciar a participación activa na comunidade escolar, e a atención ás familias directamente ou a través da figura do/a titor/a.
7. Outros, no que incluímos a formación continua do profesorado, para manter 'aggiornado' o desenvolvemento das competencias pedagóxicas propias do noso exercicio profesional.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A programación didáctica é un documento consensuado a través do que se concretan as intencións educativas do Departamento de Galego, adaptando o currículo ás características específicas do noso centro e alumnado.

Neste documento recóllese a xestión práctica do proceso de ensino e aprendizaxe, que se pode ver influenciado, alterado, modificado polas circunstancias. Considerámolo, xa que logo, un documento aberto e flexible, susceptible de modificación ao longo do curso se as circunstancias o aconsellan.

A final de curso valoraranse todos os aspectos relacionados co deseño, aplicación adecuada, seguimento e avaliación da propia PD no seu conxunto. Farémolo utilizando os seguintes indicadores de logro:

1. Cumpriuse o prazo de entrega indicado da PD.
2. A estrutura da PD incluíu os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022.
3. O contido da programación didáctica revisouse e aprobouse nunha reunión de Departamento.
4. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento: realizáronse ao longo do curso as modificacións ou adaptacións consideradas necesarias e estas quedaron recollidas nas actas do Departamento e -de ser o caso- en Proens.
5. Cumpriéronse os obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
6. O número de UD disposto, a súa secuenciación e a súa temporalización foron adecuadas.
7. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos (os libros de texto, as lecturas propostas, os materiais de apoio... foron os adecuados).
8. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
9. Os criterios de avaliación están ben establecidos e aplicáronse correctamente.
10. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
11. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado e -de habelos- seguíronse os protocolos de actuación

correspondentes.

12. Atendéronse os contidos transversais e as actividades complementarias.

13. A materia contribuíu a algún dos distintos Plans e proxectos do centro: proxecto lingüístico, proxecto lector, TIC, Convivencia, Nutriescolas, Polos creativos, radio escolar...

14. Ratificouse a PD ou establecéronse propostas de mellora das deficiencias observadas na súa aplicación e incluíronse na memoria final do departamento.

## **9. Outros apartados**